
CONTINÚA A FOLGA DAS CONTRATAS

Os días 2, 4, 9 e 11 de xuño están convocados paros de 2 horas de duración contra a asignación de tarefas dos traballadores das contratas en folga ao persoal propio e pola internalización da actividade e do emprego na Telefónica.

A folga das contratas continúa, na Galiza e no resto do Estado, logo de que se acadara un principio de acordo en Montelnor que ven a demostrar que a solución ao conflito é posíbel se as empresas se sentan a negociar.

Na Galiza, a chulería e a prepotencia ten un nome: **a empresa Liteyca**, négase mesmo a falar sobre o que se acordou en Montelnor. Está claro que esa empresa responde en última instancia diante de Telefónica, por iso a CIG nos diriximos á Directora de Relacións Laborais, Belén De La Hoz, para pedir a súa intervención, recibindo o silencio por resposta.

Pero os traballadores mantemos a iniciativa, na Inspección de Traballo onde están pendentes de resolverse varias denuncias sobre as condicións de traballo da contrata, pero tamén sobre a esquirolaxe que nos obrigan a facer na Telefónica. Denuncias presentadas polos traballadores da contrata e da Telefónica, que deben desatascarse; a Inspección debe sentar na mesa as Empresas, incluída a Telefónica, para que dean conta da situación creada e a resolan.

A folga das contratas entra nunha nova fase, hai unha suspensión temporal da folga indefinida (que podería ser activada en calquera momento) e os paros pasan agora a ser parciais.

As contratas convocaron paros parciais os días 2 e 4 de xuño, coincidindo cos convocados en Telefónica e dese xeito facer coincidir as mobilizacións diante da Inspección de Traballo nas cidades galegas onde hai presentadas denuncias: Vigo, A Coruña e Lugo.

Dende calquera punto de vista, parece claro que Telefónica está vulnerando a lei no que atinxe ao dereito de folga cando asigna ao persoal propio avarías que son da contrata. Entendemos que non pode darnos o traballo que está externalizado mediante contrato con outras empresas que continúan en folga, e así llo fixemos constar por escrito e mediante denuncias na Inspección de Traballo.

Non nos queda outra, temos que ir á folga tamén na Telefónica, co obxectivo de sumar forzas e axudar a resolver o conflito, entre todos e todas.

Paros e mobilizacións conxuntas Telefónica e Contratas

FOLGA DE 2 HORAS, MARTES 2 de XUÑO

As últimas da mañá, noite e partida (na mañá) e as primeiras da tarde

Concentración dende as 12 horas na Inspección de Traballo (Rúa da Gaiteira)

Infórmate, reflexiona, actúa... Mobilízate!

A Coruña 29 de maio de 2015